

A Casa do Queixo e Aldea de Barrio, dúas iniciativas do rural con grandes perspectivas de futuro.

Sobrado dos Monxes, 09 de maio de 2014

Hoxe os rapaces de “Aval Xóvenes” comprobaron cómo é posible vivir no medio do que eles formar parte e eles gusta, o rural; e cómo as súas iniciativas emprendedoras teñen cabida e posibilidades de desenvolvemento neste entorno. Da man de Belén, unha das directivas da Casa do Queixo, viron como unha empresa que nos seus comezos se adicaba á produción e comercialización do queixo foi aumentado a súa área de negocio e agora conta cunha gran diversidade de actividades para todo tipo de públicos (Zoo Escola, museo do queixo, campamentos, restaurante, albergue...) todo directamente relacionado co queixo e co entorno rural de Sobrado dos Monxes. A idea que lles quedou clara ós mozos nesta visita e a necesidade de adaptarse ós cambios do entorno e da demanda dos clientes; ademais déronse conta que no marco rural, para que unha iniciativa teña éxito é necesaria a colaboración e cooperación entre as empresas e proxectos que se atopan na comarca, xa que isto axuda a crear vida e dinamismo. Asemesmo, Belén, unha persoa chea de positivismo quixo deixar moi claro que *“o potencial do rural é inmenso, só hai que investigar, ver as carencias e as posibilidades desenvolvemento; que son moitas e están sen explotar”*.

Por outro lado, outra das iniciativas que visitaron foi A Aldea de Barrio; empresa que se adica á cría e ceba de porcos en liberdade, que se caracteriza pola elaboración e curado da carne con técnicas tradicionais que lle confiren ós produtos un valor engadido de calidade. Un dos dous socios desta iniciativa, Victor, contou como os inicios foron un pouco duros pero que a base de traballo e esforzo todo se consegue. A idea que quedou clara con esta visita é que *“se crees no teu proxecto non te podes render coa primeira pedra que atopas no camiño, o que tes que facer e loitar para conseguir os teus obxectivos”*